

Edita

Arcebispo de Santiago de Compostela

www.archicompostela.es

Deseño e ilustracions

Natanael Maudó

www.natanaelmaudo.com

email@natanaelmaudo.com

Portada

Natanael Maudó

Erat París

Fotografías da portada cedidas pola

Fundación Barrié

DL C 836-2020

ESPERANDO PEREGRINAR

A SANTIAGO DE COMPOSTELA

CARTA PASTORAL DO
ARCEBISPO DE SANTIAGO

ANO SANTO COMPOSTELÁN 2021


Queridos peregrinos:

1. Ao convocaros a participar no Ano Santo de 2021 facíao nunha situación moi diferente á actual, trala Covid-19. Son consciente que ao ofrecervos esta reflexión, unha parte considerable da poboación mundial atópase afectada, dun modo ou outro, pola pandemia provocada polo coronavirus, que se converteu nunha palabra indesexada, invitada cotiá en todas as casas.

2. Moitos dos que viredes ata Santiago talvez perderiades a persoas moi queridas. Camiñaredes con bágoas nos ollos, pero os vosos pasos non vacilarán porque están firmes en quen vos asegura *“Eu son a Vida”* (Xn 14, 7). O Apóstolo Santiago, testemuña da humanidade doente e resucitada de Xesús estavos esperando neste Ano Santo para abrazar a vosa dor e para deixarse abrazar por vós.

3. Estou convencido de que, por este motivo, a convocatoria de fe terá resonancias moi vivas de esperanza nunha peregrinación que leva o selo de internacional.





1. UNHA TERRA QUE SOFRE

1.1. “Como cantar un cántico do Señor!” cando “as bágoas son o meu pan noite e día”

Sal 137, 4 e 42, 3

4. A etimoloxía latina de «xubileu» engade ao significado orixinal bíblico de «yobel», corno do cordeiro utilizado como instrumento sonoro co cal se anunciaba un ano excepcional dedicado a Deus, con matices de alegría, gozo ou loanza. Pero, como anunciar de novo un ano xubilar nesta paisaxe desoladora que está deixando a pandemia que trastornou trágica e inesperadamente as vidas de tantas persoas? En apenas semanas, moitos



dos seus proxectos quedaron reducidos á nada, coma se, ao espertarse dun mal soño, a realidade fose un pesadelo que lles arrebatou os seus postos de traballo, alterou o seu día a día, e o que é peor aínda, acabou nalgunhas familias coa vida dos máis próximos.

5. Esta pandemia fíxonos máis conscientes da nosa vulnerabilidade e a fraxilidade das nosas vidas. Quizais poderíamos adoptar actitudes heroicas ante inimigos que puidésemos identificar, mais como comportarnos ante algo invisible ao ollo humano, non detectable no contacto ordinario?

6. Non é necesario afondar nos sufrimentos derivados desta situación, e que para moitos de vós, peregrinos, convertéronse en parte da vosa equipaxe para o camiño: a mortalidade que se disparou, sobre todo, aínda que non exclusivamente, entre as persoas maiores; o cansazo ata a extenuación por parte das persoas que traballan no mundo sanitario; o distanciamento social dos que, no mellor dos casos, só poden ver os seus seres queridos a través de conversacións *online*, e que chegou ata a privación do último adeus, dolorosa para quen se ha ir e para quen non puido ser despedido; o medo daqueles que desexarían saír de casa pero non queren, por non contaxiar ou non ser contaxiados, e o medo dos que quixerían quedar na casa pero non poden, porque a sostibilidade da sociedade humana depende deles e do seu traballo; a crise económica e laboral da cal só estamos empezando a ver algúns dos seus efectos, pero que sen dúbida carrexará novos e graves sufrimentos, sobre todo nas capas máis sensibles da poboación.



7. Para os cristiáns engadiuse unha carencia máis, tanto máis dolorosa canto que coincidiu tamén co período litúrxico tan especial de Coresma e Pascua. Os templos estiveron baleiros e, en moitos casos, pechados. A comunidade cristiá xa non se congregou para celebrar a súa fe. Dificilmente podemos recordar os bispos unha decisión máis triste, tanto na nosa historia individual como colectiva, que a de suspender o culto público da Igrexa coa presenza dunha comunidade de fieis do pobo de Deus. Unha decisión, desde logo, non guiada polo medo, senón unicamente pola caridade; non polo temor de ser contaxiados, senón pola especial situación de non converternos en transmisores da infección.

8. Os fieis cristiáns estiveron privados do corpo sacramental de Cristo, pero tamén os pastores, aínda cando seguiron celebrando na intimidade das súas igrexas, capelas ou fogares, estiveron privados da presenza física do corpo de Cristo que é a Igrexa. Ben é verdade que a Igrexa está mística e espiritualmente presente ata cando un sacerdote celebra privadamente a eucaristía, pero, sen dúbida, para atopar a súa expresión plena e manifesta o pobo de Deus é un elemento esencial, ata en ausencia, da sacramentalidade da Igrexa na súa natureza e nos seus actos. A Igrexa como un río seguiu discorrendo e reflectindo as nosas caras de asombro nas súas augas mentres seguía o seu curso. É a Igrexa humilde e próxima á condición humana e espiritual do home, e portadora de salvación e de esperanza.



1.2. “Estade, pois, espertos en todo tempo”

Lc 21, 36

9. Con todo, o peche dos templos non supuxo, nin moito menos, o peche da Igrexa. Os párrocos non desertaron dos seus fregueses, e seguiron dispoñibles para atender a cantos precisaron de axuda, material ou espiritual; acompañaron na súa despedida cara á casa do Pai a moribundos e defuntos; como fan con particular coraxe os capeláns de hospitais e centros de saúde. Algúns deles fixéronse presentes a través dos medios informáticos, ben sexa para retransmitir por *streaming* a eucaristía e outras celebracións, ben para apoiar con reflexións e comentarios a esperanza dos seus fieis. E non hai que ver niso, como algúns poderían sospeitar, signos de vanidade de quen, privado dun pobo ao que guiar, necesita facerse presente mediaticamente; senón, pola contra, o sinal dunha urxencia pastoral de non perder o contacto con aquela comunidade concreta coa que se forma familia no curso ordinario do ano. A Igrexa é, á vez, universal e local; por iso ten sentido, ata teolóxico, que os fieis cristiáns sigan as celebracións retransmitidas desde a súa propia comunidade local, sexa esta diocesana ou parroquial.

10. Por outra banda, moitos laicos reforzaron, paradoxalmente, a súa conciencia de pertenza á Igrexa. Unha pertenza que non agroma da



dependencia respecto dos pastores, senón que vén dada polo sacramento que nos fai iguais a todos os membros do Corpo de Cristo. exerceron o seu sacerdocio bautismal orando nas casas. E, aínda que obviamente non no seu sentido sacramental, tamén puideron realizar un sacrificio de acción de grazas (que é o que significa “eucaristía”) na bendición do pan ao comezo das súas comidas.

11. Parte eximia desta Igrexa que non deserta da súa misión, que non foxe ante o lobo do temor ao contaxio, constitúea o numeroso voluntariado que, a través de Cáritas ou doutras asociacións, ou a título persoal, non faltou nin un só día ao compromiso de que esta situación, xa de seu mala, non se cebe de forma irremediable cos máis débiles da sociedade.

1.3. “Mentres todo o día me repiten: Onde está o teu Deus?”

Sal 42, 3

12. Desbordados por algo de aparencia tan insignificante como un virus, non é nada estraño que intentemos buscar un sentido a todo isto. Á fin e ao cabo, unha ameaza tan global á humanidade non pode ser o resultado dunha sinxela mutación natural. Ou talvez sexa unha mensaxe que nos envía a natureza para que volvamos a estilos de vida máis sinxelos, menos industrializados. Ou, quen



sabe, se é a manifestación física dos males sociais da globalización. Calquera cousa con tal de non recoñecer que a mesma natureza que posibilita que nós existamos como especie é a que permite que un organismo patóxico se adapte ao hábitat humano e utilice os nosos corpos para multiplicarse e transmitirse duns a outros.

13. Tamén xurdiron intentos de explicar esta situación insólita desde unha perspectiva teolóxica. Non é nada novo. Os discípulos de Xesús, ante o cego de nacemento, preguntan: *“Mestre quen pecou: este ou os seus pais, para que nacesse cego?”* (Xn 9, 2). Diríase que, gustándonos ter o control sobre todo, sentímonos impotentes e perdidos ante as desgrazas que nos sobreveñen de forma natural. Necesitamos poñer rostro ao sufrimento. Non no senso de comportarnos humanitariamente con quen padece, senón en canto nos sentimos como máis seguros e menos ameazados se podemos descubrir unha intención naquilo que causa os nosos males.

14. Non será unha mensaxe de Deus? Nestas semanas circularon polas redes sociais pensamentos de todo tipo, con interpretacións teolóxicas en grao sumo diverso, pero que teñen en común un contido relixioso... ou ateo. Quizais Deus estalle dando as costas a un mundo que previamente o esqueceu ou renegara del. Ou está castigando, como en tempos de Noé, a unha humanidade pecadora. Ou talvez Deus pon a proba a fe dos seus fillos. Ou, sinxelamente, está demostrando que non lle



importamos porque, probablemente como algúns consideran, nin sequera existe. O curioso é que estes tipos de resposta déronse desde tempos bíblicos, de tal forma que un mesmo acontecemento, como pode ser a derrota nunha batalla ou unha peste, pode significar que Deus nos castigou, abandonou ou nos está poñendo a proba.

1.4. “Non se turbe o voso corazón, crede en Deus e crede tamén en min”

Xn 14, 1 e 27

15. *“Achegáronselle os fariseos e saduceos e, para poñelo a proba, pedíronlle que lles mostrase un signo do ceo. Contestoulles: Á tardiña dices: Vai facer bo tempo, porque o ceo está vermello. E á mañá: Hoxe choverá, porque o ceo está vermello escuro. Sabedes distinguir o aspecto do ceo e non sodes capaces de distinguir os signos dos tempos?”* (Mt 16, 1-3).

16. Ante todo, é necesario poñer sensatez nos nosos discursos e non deixarnos cegar pola proximidade dunha situación que non é, nin moito menos, nin a primeira nin será a última vez que sucede. Epidemias, ata de ampla extensión territorial, déronse desde os tempos máis remotos ata os máis recentes. Por non remontarnos ás pestes que na Idade Media e na Moderna chegaron a levarse



por diante nalgúns lugares a máis da metade da poboación, basta recordar que hai cousa dun século a gripe chamada “española” azoutou sen piedade a gran parte da poboación mundial.

17. Outro aspecto que debería facernos reflexionar sobre das nosas reaccións é que tales epidemias ou catástrofes semellantes parecen cuestionar as nosas conviccións só cando as vivimos de preto, mentres que nos deixan intelectualmente tranquilos cando suceden a miles de quilómetros das nosas sociedades modernas. Coma se a fragilidade e a precariedade da existencia fosen circunstancias que damos por descontadas nos países “pobres”, pero retan ás nosas crenzas cando nos afectan aos países “ricos”.

18. Sen dúbida, é difícil razoar cando a nosa vida está ameazada na súa existencia, pero tamén no seu modo de existir. Podería parecer que estamos discutindo sobre a composición da auga mentres nos afogamos no océano. Pero temos que ter coidado en que a pandemia non se leve consigo, xunto con tantas vidas e a confianza nas relacións humanas, tamén a nosa capacidade de pensar racionalmente. E este pensar racional tamén temos que salvalo como persoas crentes, evitando histerias teolóxicas que, en última instancia, nos mostran un rostro deformado de Deus.

19. Sen poder penetrar no complexo problema do mal e a posibilidade de compatibilizar o sufrimento coa fe nun Deus bo, sabio e poderoso, temos que partir de dúas premisas, unha filosófica e outra



relixiosa. A primeira é que as mesmas leis naturais que permiten a nosa existencia como humanos son as que permiten que os seres humanos esteamos sometidos ás ameazas da nosa contorna, incluíndo a enfermidade. Sen a química que fai posible a existencia de virus contaxiosos e potencialmente letais, tampouco existiría a vida humana. A segunda é que Deus non é o gran prestidixitador que move os fíos da historia. Aínda cando a mirada crente é capaz de descubrir nos acontecementos unha mensaxe divina, non podemos pensar que Deus é o que provoca as guerras, as inundacións ou as fames negras. E tampouco as epidemias, está claro.





2. EN CAMIÑO AO ANO SANTO

2.1. Continuando a preparación do Ano Santo

20. Estas cousas, e outras máis, non podían pasar pola nosa mente no mes de decembro pasado, cando apenas se tiñan noticias dunha nova infección nunha rexión de China descoñecida para moitos. Nese mes vía a luz a miña carta pastoral “Sae da túa terra. O Apóstolo Santiago espérate” para preparar o Ano Santo Compostelán de 2021, dirixida a unha sociedade que xa non parece ser a nosa.

21. Os camiños, ata hai non moitas semanas cheos de peregrinos, agora están desertos. Os albergues xa



non acollen a camiñantes que buscan o seu encontro coa fe do Apóstolo Santiago, senón que non poucos deles foron reconvertidos en aloxamento temporal de persoas sen teito ou de traballadores sanitarios desprazados. As nosas casas, cálido refuxio que nos acollía ao regresar do traballo, hoxe se nos antollan prisións alleas que nos fan sentir estranxeiros no noso propio fogar. Agora vivimos rodeados da incerteza que nos fai desconfiar de todo e de todos, e nos dificulta confiar tamén no futuro.

22. É verdade que con todo o sufrimento que nos rodea e que evocabamos ao principio pode verse como insignificante o problema de como afrontar a nosa celebración, vital e pastoral, do Ano Xubilar Compostelán, pero é algo que teremos que ter en conta, pois non sabemos en que tempos nin en que modos poderemos ir recuperando unha vida que probablemente non poderá ser nunca igual á que tiñamos ata agora.

23. Nestes momentos o futuro está condicionado pola idea de suspender e pospoñer: moitos acontecementos de tipo pastoral, cultural, social, e deportivo, suspéndense e outros trasládanse a novas datas. O Xubileu Compostelán, que recolle a máis profunda tradición bíblica e cristiá dos Anos de Graza do Señor, máis que nunca quere ser un tempo para a ledicia e a liberación, unha oportunidade para comezar de novo, grazas á misericordia do Señor que, como Deus amoroso e provedor,



acompaña e coida do seu Pobo. Por iso quixen compartir con todos vós estas reflexións; para que, á luz dos novos acontecementos, puidesen servir de axuda para continuar preparándonos a este acontecemento xubilar, que seguramente recolla e sexa expresión do desexo profundo de tantos e tantos corazóns.

24. Agora, a nosa preocupación pastoral ao convocar o Ano Santo Compostelán 2021 debe ser *transformar* con creatividade a nova realidade que nos vai tocar vivir conforme ao espírito do libro da Apocalipse. Preguntámonos *que nos di o Señor do tempo e da historia, o Alfa e o Omega, aos que peregrinan nesta tribulación?*¹ Tamén como ao evanxelista San Xoán respóndesenos hoxe: “*Non temas; eu son o Primeiro e o Último, o Vivinte; estiven morto, pero xa ves: vivo polos séculos dos séculos e teño as chaves da morte e do abismo*” (Ap 1,1 7-18). “*Mira, fago novas todas as cousas... Estas palabras son fieis e verdadeiras*” (Ap 21, 5).

25. Con esta confianza á luz das Escrituras temos que interpretar estes acontecementos do mesmo xeito que Xesús o fixo cos discípulos de Emaús. Ademais, temos que revitalizar as nosas raíces atopándonos coa tradición apostólica para recoñecer “que a fe é a capacidade sobrenatural para captar e vivir a realidade do misterio de Cristo no mundo, a esperanza cristiá é a capacidade sobrenatural do corazón para facer de

¹ Cf. Capítulos 2 e 3, 21 e 22 do Libro da Apocalipse.



Xesús un ideal exacto e seguro, digno de ser vivido con todas as consecuencias, e a caridade é a capacidade gratuíta que se nos garante en Cristo de poder fundir a nosa vida nel, e con El en Deus por amor filial”².

2.2. *Ver cos ollos de Deus:* “Aos que aman a Deus todo lles serve para o ben”

Rm 8,28

26. En primeiro lugar, a situación presente ofrécenos a oportunidade de extraer leccións de canto sucede, para a nosa forma de entender a realidade, para a nosa relación coas cousas e as persoas e para o noso estilo de vida e acción. Di San Paulo que *“aos que aman a Deus todo lles serve para o ben; aos cales chamou conforme ao seu designio”* (Rm 8, 28), pero era consciente de que as cousas non ían ben e non acontecían como el desexase. É o amor de Deus o que pon o ben alí onde, aos ollos do mundo, só hai mal. Pois desde o amor, que cando é sincero sempre é divino, aínda que o suxeito non sexa consciente diso, o mal vólvese ocasión de desenvolver o servizo, a acollida, o coidado, a solidariedade; nunha palabra, a caridade, que non pasará nunca (cf. 1Cor 13, 8).

²J. ORDOÑEZ MARQUEZ, *O Evanxeo na vida da Igrexa, I. Oración e vida litúrxica*, TOLEDO-AVILA 1989, 416.



27. No medio da escuridade da noite a luz de Cristo alúmanos. Cantas veces a sede nos leva a atopar a fonte aínda sendo noite! E aínda que como di Isaías “*os meus plans non son os vosos plans, os vosos camiños non son os meus camiños*” (Is 55, 8), non debemos temer “*pois vós ata os cabelos da vosa cabeza tendes contados*” (Mt 10,30). E nesta situación, hai unha cousa que se desexa sempre: a tenrura humana. Non debemos deixar que enferme e se debilite o noso espírito e neste senso considero que a peregrinación cara a Deus, cara a un mesmo e cara aos demais, reflectida tamén na peregrinación xacobeá, axudaranos a fortalecer a nosa espiritualidade, vivindo o sentido penitencial e a conversión a Deus, característica propia desta peregrinación.

2.3. *Fortalecer as raíces: “como unha árbore plantada ao bordo do regato: dá froito na súa sazón e non se murchan as súas follas?”*

Sal 1, 3

28. O home que confía no Señor é como “*unha árbore plantada ao bordo do regato: dá froito na súa sazón e non se murchan as súas follas*” (Sal 1, 3). A peregrinación á tumba do apóstolo Santiago durante o Ano Santo axudaranos a volver ao feito cristián fundamental, identificándonos coa persoa



e a historia de Xesús, e dando testemuño de que o cristianismo é un modo fascinante de vivir a propia humanidade á hora de dar sentido á existencia. O ensino dos apóstolos, garantes do testemuño de toda a Igrexa, é vivir en espírito de comunión que se explícita na unión interna dos corazóns manifestada na unidade, nun mesmo ánimo, en compartir os bens e na oración xa sexa comunitaria ou privada, de súplica, de loanza, ou de acción de grazas, como se reflicte no peregrinar cristián.

29. O sentir relixioso non desaparecerá xamais porque non se pode eliminar do corazón do home a promesa sobre a propia vida que sempre bordea o misterio. Dános confianza no medio de todo saber que estamos chamados a colaborar na Igrexa, aínda que o destino desta non depende de nós, e que nós dependemos de Cristo que nos di: *“Sen min non podedes facer nada”* (Xn 15, 5), como o manifesta San Paulo cando escribe: *“Todo o podo naquel que me conforta”* (Flp 4,13). O froito non está nunca nas nosas mans. Na misión non vai incluído o éxito, pero esta certeza non ha de levarnos nin á indiferenza, nin á pasividade nin a ser prisioneiros dos propios proxectos. Non temos escusa para non dar froitos de santidad que glorifiquen a Deus. A realidade sempre é máis grande que os nosos esquemas. A vida mesma é vocación que debe ser vivida sempre con esperanza cristiá. É momento de estar coas lámpadas acesas (cf. Mt 25, 1-13) aínda que a espera se alargue. Unha Igrexa así interpelará profeticamente e nunca defraudará.



2.4. *Crer para percibir na escuridade da dor a luz de Cristo Resucitado*

30. A fe cristiá non fai promesas dun futuro mellor a expensas da realidade presente. Non é o soño no que se refuxia quen calcula a carga da vida. Os crentes en Cristo “*sofren cos que sofren*”(Cf. 1Cor 12, 26). Toman en serio a dor do próximo, conmóveos e empúxaos a facer algo por remedialo. Esta fe úrxenos a que neste Ano Santo nos fagamos cargo do impacto lacerante causado pola pandemia aos nosos concidadáns.

31. A fe non necesita do sufrimento para revalorizarse. Non “cotiza á alza” cando o ser humano está sufrindo, nin Deus nos agarda pacientemente detrás da desgraza para que nós, os homes, terminemos adorándoo. A nosa dor é a súa³. El quixo facerse un de nós experimentando a nosa mesma dor e a nosa mesma morte. Entregou a súa vida para que nós a teñamos en abundancia.

³ “Deus non pode padecer, pero pode compadecer. O home ten un valor tan grande para Deus que se fixo home para poder compadecer El mesmo co home, de modo moi real, na carne e sangue, como nos manifesta o relato da Paixón de Xesús. Por iso en cada pena humana entrou un que comparte o sufrir e o padecer; de aí se difunde en cada sufrimento a *consolatio*, o consolo do amor participado de Deu e así aparece a estrela da esperanza”: BIETO XVI, *Spe salvi*, 39.



32. No medio da tormenta a nosa fe debe permanecer serena no Si de Deus. Ese Si non nos protexe inmunes da desgraza. A fe non é unha especie de salvavidas individual ou de reserva para os momentos de dificultade, ao contrario, fainos saír dos nosos alpendres persoais e institucionais para facer presente ese Si de Deus en todos os recunchos doentes que deixou a pandemia. Permanecer na fe implica levantarse para seguir as pegadas do Crucificado. El está realmente presente nos que viron fenderse o chan sobre o que se apoiaba a súa vida.

33. O Evanxeo non nos conduce á resignación, nin tampouco ao inxenuo triunfalismo. A nosa fe nace da vida de Xesús en Galilea dando a súa vida polo Reino de Deus, e da súa entrega ata o extremo, coa súa morte en cruz en Xerusalén, e a súa resurrección. A ninguén como ao cristián lle debe doer tanto a dor dos demais, pero esa dor nunca será pedra de tropezo ou escándalo para desistir da súa confianza en Deus: o seu amor deixouse crucificar e vive para todos. Por iso, a fe cristiá é, no fondo, o realismo máis humano. A nosa esperanza é serena: ten a certeza de que *"nada nos separará do amor de Deus manifestado en Cristo Xesús"*, nin sequera esta morte temporal (Cf Rm. 8, 39).

34. O cristián sabe que a peor das mortes non é a que nos pode arrebatara esta vida, que é por natureza fráxil e temporal, suxeita a limitación e finita, senón a morte efectiva do corazón que desespera da



misericordia de Deus e é indiferente aos irmáns: *“Tes nome como de quen vive, pero estás morto”* (Ap 3,1). Desa morte é da que pedimos na oración que nos ensinou Xesús, *“libranos do mal”* (Mt 6,13).

35. Neste Ano Santo de graza e reconciliación proxéctase desde a casa do Apóstolo Santiago a luz da fe; a fe inquebrantable que Deus ten posta nesta humanidade concreta que está padecendo, pola que o seu Fillo se entregou ata o límite. É a proba da fidelidade de Deus ata a morte por nós. É nestes momentos de escuridade, cando mellor se pode percibir o brillar da única luz verdadeira, Xesús Resucitado, o amor crucificado de Deus por nós.

2.5. *Amar*: a fe cristiá fala coas mans, porque é “a fe que actúa mediante a caridade?”

Gál 5, 6

36. Queridos peregrinos, anímovos a contemplar a figura de Cristo mostrando as Palmas das súas mans resucitadas sobre o parteluz do Pórtico da Gloria. Nelas recoñeceredes tatuado o Si definitivo do Pai ao seu Fillo Xesucristo, e a todos vós, os seus fillos. As mans abertas do resucitado son, como entón o foron para os Apóstolos superados polo medo, signo de que o amor do Pai é máis forte que a morte: *“Mirade as miñas mans e os*



meus pés, son eu en persoa" (Lc 24,39). Con elas, Xesucristo estavos dicindo: *"Paz convosco"* (Xn 20, 19). Quenquera que contemple coa fe do Apóstolo estas mans poderá recoñecer nelas todo o peso da dor do mundo e tamén o realismo da súa esperanza. Quen as está ofrecendo experimentou en propia carne a morte que tinguíu de loito as nosas cidades e vilas, e é o que nos pode dicir: *"Estiven morto, pero agora estou vivo polos séculos dos séculos"* (Ap 1, 18). Na súa resurrección todos viven do seu presente eterno e os seus nomes quedan inscritos no libro da vida, aínda que morran na máis completa soidade dos nosos hospitais e residencias. As nosas vidas están tatuadas en Deus: *"Eu lévovote gravada como un tatuaxe nas miñas mans"* (Is 49,16). Nas chagas gloriosas do Señor están todos os nomes.

37. Non podemos ter palabras de celofán para os que se quedaron sen o máis básico e sen o traballo que alimentaba as súas familias. A fe cristiá fala coas mans, porque é *"a fe que actúa mediante a caridade"* (Gál 5, 6). Nestes tempos de tribulación, permanezamos na fe, que non é a quietude dun fervor individualista, senón o facernos próximos de todos os que hoxe están clamando no seu día a día *"anota no teu libro a miña vida errante, recolle as miñas bágoas no teu odre, oh meu Deus, as miñas fatigas no teu libro"* (Sal 56 9). Fagamos nosa a súa oración para que así, a súplica unánime dos que formamos todo o Corpo de Cristo chegue con máis forza que a que fan na soidade do seu desconsolo moitos dos seus membros.



38. Este Ano Santo é unha ocasión providencial para reconciliarnos con Deus e tamén cos nosos irmáns se, á súplica duns por outros, unimos a nosa solicitude activa cara aos que peor o están pasando. Por iso, non esquezamos “o orfo, protexamos a viúva”, para que, cando presentemos a nosa oración non recibamos como resposta: “*aínda que multipliques as vosas pregarías, non vos escoitarei*” (cf. Is 1, 15-17).

2.6. *Esperar*: Sementes do Reino para una mellor humanidade

39. Os esforzos que se veñen realizando para paliar as consecuencias da pandemia mostran o mellor do ser humano cando colabora entre si ao ben común. Todo isto non deixa de ser un reflexo do Reino anunciado por Xesús. O traballo coordinado de equipos científicos desde diferentes centros de investigación augura no horizonte un remedio esperado para a pandemia.

40. Este feito, para nós cristiáns, non é tamén un signo desa harmonía querida polo Creador á que está chamado todo o xénero humano? Certo que esta cooperación non anula a pregunta de se nos facemos capaces deste esforzo unicamente cando periga a engrenaxe das sociedades máis desenvolvidas. Nunca como antes somos conscientes de que vivimos na aldea global, e iso, non só grazas ás novas tecnoloxías, senón pola punzante conciencia dunha “saúde global”.



41. Con todo, o escenario provocado por unha pandemia que por definición afecta a todos, alimenta a esperanza dunha mellor humanidade. Os nosos nenos, vítimas tamén desta situación, non deixaron de recordárnolo durante todo este tempo. Eles, que son o futuro das nosas sociedades, miraban expectantes o mundo exterior a través das fiestras das súas casas co desexo e a esperanza de poder saír a xogar cos seus amigos. Sen dúbida, *“dos que son coma eles”*, dos que miran o mundo deste xeito, con esperanza, *“é o Reino dos ceos”* (Mt 19, 14).

42. Sen dúbida, son nestes momentos nos que entrou en risco a saúde de todos, nos que ha de rexer o *principio de subordinación da propiedade privada ao destino universal de todos os bens, regra de ouro do comportamento social*⁴, incluíndo como ben básico o mesmo coñecemento científico. *“Os científicos, precisamente porque “saben máis”, están chamados a “servir máis”. Dado que a liberdade de que gozan na investigación lles permite o acceso ao coñecemento especializado, teñen a responsabilidade de usalo sabiamente en beneficio de toda a familia humana”*⁵.

43. Este Ano Santo chama á conciencia de todos aqueles que se senten discípulos de Xesús consagrados á investigación científica, para que,

⁴ FRANCISCO, *Laudato si*, 93.

⁵ BIEITO XVI: *Discurso á asemblea plenaria da Academia Pontificia das Ciencias*, 6 de novembro de 2006.



na medida das súas posibilidades, orienten os seus esforzos cara ao ben común compartíndoos en base a unha verdadeira *xustiza científica*. “Os cepos e cadeas que hai que romper” (Is 58, 6) son tamén aqueles que están condicionando e limitando a súa investigación, cando pretenden convertela en instrumento ao servizo das corporacións transnacionais. A vida de millóns de persoas depende de todo iso.

44. O coñecemento aplicado das ciencias da saúde, incluíndo as patentes que poden salvar millóns de vidas, non pode converterse nun produto máis ao que accedan só as sociedades máis ricas. “O desenvolvemento nunca estará plenamente garantido por forzas que en gran medida son automáticas e impersoais, xa proveñan das leis de mercado ou de políticas de carácter internacional. O desenvolvemento é imposible sen homes rectos, sen operadores económicos e axentes políticos que sintan fortemente na súa conciencia a chamada ao ben común”⁶.

45. As palabras que Xesús dirixiu aos seus discípulos despois de que a nai de Santiago e do seu irmán Xoán lle pediu os primeiros postos do Reino, adquiren hoxe toda a súa relevancia: “Sabedes que os xefes dos pobos os tiranizan e que os grandes os oprimen. Non será así entre vós: o que queira ser grande entre vós, que sexa o voso servidor, e o que queira ser primeiro entre vós, que sexa o voso escravo” (Mt 20, 25-27).

⁶ Id., *Caritas in veritate*, 71.



2.7. Construír a cultura do coidado común

46. O coronavirus desenvolveuno a natureza, pero tamén matan outros “virus” xerados pola nosa falta de liberdade, cando esta se fai escrava de ambicións e intereses cortoplacistas. Esa mesma ambición é a que está detrás da inxustiza social que acaba coa biodiversidade do noso planeta e crea o caldo de cultivo para a aparición de novos virus e pandemias como a que estamos padecendo. *“Debido a unha explotación inconsiderada da natureza, o ser humano corre o risco de destruíla e de ser á súa vez vítima desta degradación”⁷.*

47. A nova situación xerada pola pandemia esixiunos autodisciplina e responsabilidade. Estes valores deberon de traducirse en comportamentos moi concretos e cotiáns que, antes, con todo, pasaban máis inadvertidos. Da súa observancia dependía tamén a saúde dos demais. Esta nova experiencia reafírmanos na necesidade de considerar en cada momento que modelo de sociedade e cultura se está promovendo. Cando a vontade individual e os seus éxitos exhibense coma se fosen a xenuína expresión da liberdade, como deter entón a inercia do individualismo para que o barco vire no medio da tormenta rumbo cara ao interese común? Que terra acollerá a semente do

⁷ FRANCISCO, *Laudato si*, 4.



coidado e responsabilidade polos demais, se nela non se han ir cultivando os valores da xustiza social?

48. Non podemos deixar de recoñecer en todo isto unha responsabilidade persoal, pero tamén institucional e política. A liberdade humana non crece espontaneamente como unha espora. Desenvólvese e madura ao abrigo da austeridade responsable e tamén do sacrificio polos demais. Por iso, a situación que vivimos tráenos unha advertencia que non podemos deixar de ter en conta: tan necesario é contar con sistemas sanitarios debidamente provistos para facer fronte ás pandemias, como sociedades impregnadas dunha cultura do coidado para previlas e poder reaccionar contra elas. Ambas cousas non se improvisan.

49. Doutra banda, como xa subliñei na miña carta pastoral ao convocar o Ano Santo, a nosa cultura occidental non pode tirar pola borda como un fardo anticuado a súa tradición relixiosa. Certo que esta tradición non posúe nin moito menos o monopolio dos valores. Con todo, fortaléceos cun fundamento incondicional, máis aló de circunstancias culturais e acordos políticos. As nosas sociedades necesitan, xunto ás súas propias institucións, dun zume que conduza eses valores para os nosos cidadáns, lexitímeos con raíces profundas e transcendentales, e promóvaos como incondicionais máis aló dos nosos fráxiles consensos. Para unirmos aos seres humanos necesitamos unha axioloxía que vaia máis aló dun mero contrato social que poida disolverse cando xa non se vexa útil ou proveitoso. Certo, *“o sábado foi*



feito para o home e non o home para o sábado” (Mc 2, 27). Con todo, para que o sábado poida ter unha vixencia máis aló das preamares da historia e sexa liberador para todos sen exclusión, necesitamos a Xesucristo, único Señor do sábado (Cf. Mt 12, 1-8).

50. Pasados uns decenios, cando o rastro da Covid 19 quede atrás grazas ao esforzo social, aos avances científicos e ao misterio da oración, que quedará da lección que estamos aprendendo hoxe? O coidado polos demais e o respecto pola biodiversidade do noso planeta son a mellor vacina social para previr unha pandemia. Cando saqueamos os recursos da natureza e dos seus habitantes nun *carpe diem*, coma se non houberse un mañá, fabricamos a nosa propia bomba de relojería: *“Sería equivocado pensar que os demais seres vivos deban ser considerados como sinxelos obxectos sometidos á arbitraria dominación humana. Cando se propón unha visión da natureza unicamente como obxecto de proveito e de interese, isto tamén ten serias consecuencias na sociedade”*⁸.

51. Por iso, máis que nunca a Igrexa haberá de ser ese hospital de campaña que xa nos sinalou o noso papa Francisco, para remediar a penuria dos que máis golpeou a crise social, e tamén para seguir promovendo unha cultura da responsabilidade aberta á transcendencia, isto é, unha ecoloxía integral. Que a nosa fe como a do mozo Apóstolo

⁸ *Ibid.*, 82.



Santiago se revitalice para avivar a nosa intelixencia e todas as nosas capacidades. Que libere a nosa creatividade para reconstruír as nosas sociedades e novas relacións económicas que non hipotequen o desenvolvemento que necesitan.

52. Máis que nunca o labor activo de todas as *Cáritas* será expresión de canto estamos celebrando cada domingo na eucaristía. Nela Xesús dásenos como pan para que logo transformemos a nosa sociedade e a nosa cultura co aceite do consolo e co viño da esperanza. “A solidariedade non é un simple sentimento de compaixón cos máis débiles ou coa persoa necesitada que está xunto a min”, é “a determinación firme e perseverante de empeñarse polo ben común; é dicir, polo ben de todos e cada un, para que todos sexamos verdadeiramente responsables de todos”, en palabras de san Xoán Paulo II⁹.

53. Xunto ao esforzo de xustiza e a caridade da Igrexa, está o de todos os que na sociedade civil están sendo os bos samaritanos de principios deste século XXI: todo o persoal dos hospitais e residencias de maiores, e todas aquelas persoas que, arriscando a súa propia saúde, velaron pola dos demais. O Evanxeo lévanos a comprometernos coa nosa sociedade civil, e colaborar coas súas estruturas. “*O amor á sociedade e o compromiso polo ben común son unha forma excelente de caridade*”¹⁰.

⁹ XOÁN PAULO II, *Sollicitudo rei sociales*, 38.

¹⁰ FRANCISCO, *Laudato si'*, 231.



54. Quixese, queridos peregrinos, que, grazas a vosa peregrinación, vos convertédeses en signo e interrogante para cantos vos observen ao longo do camiño de Santiago ou doutras formas de peregrinación. Que poidan albiscar que, se saístes da vosa terra, foi para volver máis comprometidos a ela. Que o Espírito Santo, o Espírito do Resucitado alente sobre as vosas mentes e corazóns para avivar o remol de compaixón e humanidade das nosas sociedades.





3. SANTIAGO ESPÉRATE

55. Queridos peregrinos, con Abrahán, o noso pai na fe, na miña Pastoral de convocatoria do Ano Santo Compostelán 2021, invitávos a deixar a vosa terra e a poñervos en camiño a Compostela, porque o Apóstolo Santiago vos espera. Con estas reflexións que compartía convosco, unha vez máis querería reiterar a miña invitación a poñervos en marcha.

56. Oramos e confiamos en que para entón se reabiron os camiños, os albergues e os templos. Mais se houberse que facelo con restricións, non temos que botar pola borda o Ano de graza que se nos ofrece para revitalizar a nosa espiritualidade e fortalecer a nosa esperanza: *“Fai que desde*



*aquí resoe a esperanza*¹¹, dicímoslle ao Apóstolo Santiago. A exhortación a saír da nosa terra, aínda que non puidese ter unha expresión física e externa, segue vixente en canto é a voz de Deus que nos invita a abandonar a nosa zona de confort para abrírnos á súa palabra sempre nova; ou a abandonar esta terra de dor na que nos atopamos enterrados e a deixarnos envolver pola esperanza da gloria de Deus que non defrauda, *“porque o amor de Deus foi derramado nos nosos corazóns polo Espírito Santo que se nos deu”* (Rm 5, 5). Dá que pensar o paradoxo presente de que temos que saír da nosa terra cando estivemos confinados nas nosas casas, pois é ese espazo habitualmente tan familiar o que agora se nos volve incerteza. Pero temos que confiar: *“Deus axúdanos e o apóstolo Santiago!”*.

¹¹ DANTE, *Divina Comedia. Canto XXV Paraíso*: *“Despois veu unha luz cara a nós daquela esfera da que saíu do primeiro sucesor que deixou Cristo. E a miña Señora, chea de ledicia, díxome: Mira, mira aí o barón por quen abaixo visitan Galicia... Entón dixo Beatriz rindo: Oh ínclita alma por quen se escribise a xenerosidade desta Basílica, fai que resoe no alto a esperanza: podes, pois tantas veces a mostraches cando Xesús vos preferiu aos tres”*.



Encomendándoos ao patrocinio do Apóstolo
Santiago e da nosa Nai a Virxe Peregrina,
saúdoos con afecto e bendigo no Señor.

+ Julián Barrio Barrio,
Arcebispo de Santiago de Compostela



ÍNDICE

1. UNHA TERRA QUE SOFRE

- 1.1. “Como cantar un cántico do Señor!”
cando “as bágoas son o meu pan noite e día” ... 7
- 1.2. “Estade, pois, espertos en todo tempo” 10
- 1.3. “Mentres todo o día me
repiten: Onde está o teu Deus?” 11
- 1.4. “Non se turbe o voso corazón,
crede en Deus e crede tamén en min” 13

2. EN CAMIÑO AO ANO SANTO

- 2.1. Continuando a preparación do Ano Santo ... 17
- 2.2. *Ver* cos ollos de Deus: “Aos que
aman a Deus todo lles serve para o ben” 20
- 2.3. *Fortalecer* as raíces: “como unha árbore
plantada ao bordo do regato: dá froito na
súa sazón e non se murchan as súas follas? 21
- 2.4. *Crer* para percibir na escuridade
da dor a luz de Cristo Resucitado 23
- 2.5. *Amar*: a fe cristiá fala coas mans, porque
é “a fe que actúa mediante a caridade? 25
- 2.6. *Esperar*: Sementes do Reino
para una mellor humanidade 27
- 2.7. *Construír* a cultura do coidado común 30

3. SANTIAGO ESPÉRATE

35

